

En tal sentido, considérase máis acertado modificar a Orde do 22 de febreiro de 2008, reguladora das normas de pesca nas augas continentais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, para os efectos de adecuar as vedas e o réxime especial dos ríos Rois e Valeirón ao recollido nos seus respectivos plans de xestión de recursos piscícolas.

En virtude do anterior, en concordancia co disposto no artigo 27.15º do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das atribucións que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, das normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

**DISPOÑO:**

Artigo único.

1. Déixanse sen efecto as vedas e o réxime especial establecido pola Orde do 22 de febreiro de 2008 para o exercicio da pesca nos ríos Rois e Valeirón, na provincia da Coruña, durante a tempada 2008.

2. As vedas e o réxime especial para o exercicio da pesca nos ríos Rois e Valeirón durante a tempada 2008 axustaranse ao establecido no Plan de xestión de recursos piscícolas para o aproveitamento destes ríos.

*Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2008.

Manuel Vázquez Fernández  
Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento  
Sostible

**CONSELLERÍA DE TRABALLO**

*Resolución do 12 de marzo de 2008, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo da comisión paritaria do convenio colectivo do sector de residencias privadas da terceira idade da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Visto o acordo polo que se aproba a táboa salarial para o ano 2008, que subscribiu a comisión paritaria do convenio colectivo do sector de residencias privadas da terceira idade da Comunidade Autónoma de Galicia, na reunión que tivo lugar o 19 de febreiro de 2008, e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real

decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

A Dirección Xeral de Relacións Laborais

**ACORDA:**

Primeiro.-Ordenar a inscrición do devandito acordo no rexistro xeral de convenios desta dirección xeral.

Segundo.-Remitir o texto orixinal ao correspondente servizo deste centro directivo.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2008.

Pilar Cancela Rodríguez  
Directora xeral de Relacións Laborais

**ANEXO**

Acta 2/2008 da comisión paritaria do II Convenio galego de traballadores de residencias da terceira idade da Comunidade Autónoma de Galicia.

En Santiago de Compostela o 19 de febreiro de 2008.

Asistentes:

UGT:

Javier Martínez Fente.  
Mª Belén Muñiz Caamaño.

Asesores:

Mª Isabel Villaverde Núñez.  
Alberto Arias Pérez.

CIG:

Eva Torres Bandín.  
Beatriz Martínez Bahamonde.

Asesor:

Paulo Rubido Bará.

ACOLLE:

Paulo Naseiro Ramudo.  
Mª del Mar García González.

AGARTE:

Eva Jove González.  
José Manuel Pazos Seco.  
Cesáreo López Vidal.

Asesores:

Lucía del Campo Redondo.  
José Félix Valderrey de la Huerga.

**Orde do día:**

1. Revisión e aprobación das táboas salariais para o ano 2008.

2. Aclaración do contido da cláusula adicional primeira solicitada por *Jacoservi, S.L.*

3. Dúbida achegada polo comité de empresa Euxa-Narón.

## 4. Rolda de intervencións libres.

1. Revisión e aprobación das táboas salariais para o ano 2008.

1.1. Apróbanse as táboas salariais correspondentes ao ano 2008. Achéganse como anexo I.

## 1.2. Complemento de domingos.

Na acta do AGA con data do 21 de marzo de 2007 recóllese a seguinte redacción con respecto a este complemento:

«...a partir do 1 de xaneiro de 2008, a retribución será de 7,22 €, máis a porcentaxe de incremento establecido para ese ano».

O dito complemento queda reflectido na táboa salarial.

## 1.3. Festivos de especial significación.

Queda reflectido o dito concepto nas táboas salariais que se achegan como anexo I.

## 1.4. Complemento de nocturnidade.

Para o cálculo do citado complemento tómase como denominador a xornada anual de 1.776 horas tal e como figura no artigo 28.

2. Aclaración do contido da cláusula adicional primeira solicitada por *Jacoservi, S.L.*

Dado que non existen diferenzas nas contías que se aplicarán por estes conceptos, a comisión paritaria entende que son as partes (traballadores e empresa) as que deben adoptar por mutuo acordo a denominación dos ditos conceptos. Todo isto respectando as táboas salariais asinadas por esta comisión paritaria.

3. Dúbida achegada polo comité de empresa Euxa-Narón.

Esta comisión entende que esta cuestión está fóra de tempo ao tratarse dun concepto xa extinto.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 18.45 horas.

**ANEXO I**  
**Táboas salariais 2008**

Categorías profesionais	Salario base	Compl. asistencia (aboaable en 11 meses)	Compl. domingos	Festivos especiais
<b>-Grupo A)</b>				
Administrador/a	1.510,03 €	64,05 €	7,70 €	30 €
Xerente, director/a	1.510,03 €	64,05 €	7,70 €	30 €
Médico	1.258,36 €	64,05 €	7,70 €	30 €
Técnico superior	1.258,36 €	64,05 €	7,70 €	30 €
<b>-Grupo B)</b>				
Supervisor, socio asistencial	1.006,65 €	64,05 €	7,70 €	30 €
ATS/DUE	1.006,65 €	64,05 €	7,70 €	30 €
Traballador/a social	1.006,65 €	64,05 €	7,70 €	30 €
Fisioterapeuta	1.006,65 €	64,05 €	7,70 €	30 €
Terapeuta ocupacional	1.006,65 €	64,05 €	7,70 €	30 €
Titulado/a	1.006,65 €	64,05 €	7,70 €	30 €
<b>-Grupo C)</b>				
Gobernante/a	810,39 €	64,05 €	7,70 €	30 €
Oficial de mantemento	810,39 €	64,05 €	7,70 €	30 €
Oficial administrativo	810,39 €	64,05 €	7,70 €	30 €
TASOC	810,39 €	64,05 €	7,70 €	30 €
Condutor/a	810,39 €	64,05 €	7,70 €	30 €
Xardiñeiro/a	810,39 €	64,05 €	7,70 €	30 €

Categorías profesionais	Salario base	Compl. asistencia (aboaable en 11 meses)	Compl. domingos	Festivos especiais
<b>-Grupo D)</b>				
Xericultor/a-auxiliar de enfermaría	810,39 €	64,05 €	7,70 €	30 €
Cociñeiro/a	795,27 €	64,05 €	7,70 €	30 €
Auxiliar de mantemento	795,27 €	64,05 €	7,70 €	30 €
Auxiliar administrativo	795,27 €	64,05 €	7,70 €	30 €
Camareiro/a de planta	795,27 €	64,05 €	7,70 €	30 €
Animador/a sociocultural	795,27 €	64,05 €	7,70 €	30 €
Porteiro/a de recepción	795,27 €	64,05 €	7,70 €	30 €
<b>-Grupo E)</b>				
Lavand./pasador/a de ferro	738,15 €	64,05 €	7,70 €	30 €
Auxiliar de cociña	738,15 €	64,05 €	7,70 €	30 €
Limpador/a	738,15 €	64,05 €	7,70 €	30 €

*Resolución do 12 de marzo de 2008, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo da comisión paritaria do convenio colectivo de empresa Autopista Central Gallega, Cesa.*

Visto o acordo polo que se aproba a táboa salarial para o ano 2008, que subscribiu a comisión paritaria do convenio colectivo de empresa *Autopista Central Gallega, Cesa*, na reunión que tivo lugar o 20 de febreiro de 2008, e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

A Dirección Xeral de Relacións Laborais,

**ACORDA:**

Primeiro.-Ordenar a inscrición do devandito acordo no rexistro xeral de convenios desta dirección xeral.

Segundo.-Remitir o texto orixinal ao correspondente servizo deste centro directivo.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2008.

Pilar Cancela Rodríguez  
Directora xeral de Relacións Laborais

**ANEXO**

En Vedra, ás 12.00 horas do día 20 de febreiro de 2008, reúnen no domicilio da comisión paritaria de conciliación e interpretación do pacto do convenio colectivo de *Autopista Central Gallega, CESA*:

Pola representación dos traballadores:

-Germán López Chico.